

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento do 12º Congreso Micropol & Ecohazard

1 Antecedentes

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Considéranse incluídas dentro do seu obxecto o establecemento de convenios ou acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da entidade pública.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico.

2. Obxectivos que se pretenden

Dos días 6 ao 10 de xuño de 2022 terá lugar o 12º Congreso Micropol &



Ecoazard, que é concebido como un foro internacional de debate sobre o desenvolvemento científico e as solucións técnicas relativas a emisión, tratamento e efectos dos contaminantes emerxentes.

O Congreso combina temas máis tradicionais, como o tratamento en orixe, o seguimento e o análise, o destino e o comportamento durante o tratamento das augas residuais e os lodos, a avaliación ambiental e de riscos, o seguimento e o control e a regulación e a aceptación pública; con temas máis innovadores como os mecanismos de biotransformación, o destino de nanopartículas, a resistencia aos antibióticos ou os microplásticos en entornos naturais e artificiais.

O obxecto do convenio é establecer as condicións polas que rexerá a cooperación entre Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento do 12º Congreso Micropol & Ecoazard, que será organizado e xestionado pola USC.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Para Augas de Galicia é de moito interese a investigación dos microcontaminantes emerxentes asociados a auga, incluídas as augas residuais, superficiais e subterráneas; xa que a lista de contaminantes emerxentes no ciclo urbano da auga amplíase continuamente con máis substancias químicas como os microplásticos, os produtos farmacéuticos e de coidado persoal, os compostos perturbadores endocrinos e os pesticidas, entre outros.



A actuación da Administración Hidráulica ten por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable. E, no ámbito do abastecemento, terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Así, é de interese común para ámbalas dúas partes actuar de forma coordinada para así poder desenvolver diferentes actuacións e mesmo realizar intercambios de experiencias e coñecementos que, relacionadas coas augas, teñan un propósito formativo e de investigación ou sirvan para incrementar mutuamente os coñecementos dentro da especialidade temática sinalada, coa súa ulterior aplicación práctica e utilización pola sociedade galega a través de Augas de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia



4 Estimación de custos e financiamento

Augas de Galicia achegará unha cantidade de 5.000,00 € como contribución ao financiamento dos custos do Congreso, con cargo á conta 6514 “Subvencións correntes a empresas públicas e outros entes públicos” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)

